

**CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DURANTE A
GUERRA CIVIL E O PRIMEIRO FRANQUISMO (24-07-1936 / 22-04-1949)**

O período democrático da Segunda República chegaría a súa fin tras o Golpe de Estado militar do 18 de xullo. Non obstante, a toma do control da Deputación de Pontevedra por parte dos rebeldes sublevados non tería lugar até o 24 de xullo dese ano coa “suspensión por el Gobierno Militar de la Comisión Gestora y posesión como Delegado-Presidente de la Excm. Diputación Provincial del Señor Don Rafael González Fernández-Besada”.

DEPUTADOS PROVINCIAIS. DELEGADO-PRESIDENTE (24-07-1936 / 15-12-1936)					
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Data de posesión	Data de cesamento
González Fernández-Besada	Rafael	Delegado-Presidente		24-07-1936	11-08-1937

Este actuaría no cargo sen se recompoñer a comisión xestora até a sesión constitutiva do 15 de decembro de 1936, cando baixo a presidencia do Excmo. Gobernador Civil Ricardo Macarrón son designados os compoñentes da Comisión Xestora. Esta tipoloxía de corporación manterase durante toda a Guerra Civil e o primeiro franquismo até a aprobación da LEI DE 17 DE XULLO DE 1945 DE BASES DO RÉXIME LOCAL (publicada no BOE Nº 199, de 18 de xullo de 1945) e a celebración de eleccións corporativas de marzo de 1949. Coa aplicación desta nova normativa as Corporacións Municipais e Provinciais deixarán de funcionar mediante Comisións Xestoras designadas polo Gobernador Civil ou o Ministerio da Gobernación.

Até ese momento, a Corporación Provincial estará rexida por unha Comisión Xestora conformada polos representantes corporativos das Cámaras de Comercio e das Cámaras da Propiedade Urbana e polos representantes dos Partidos Xudiciais.

COMISIÓN XESTORA DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (15-12-1936 / 28-09-1938)

DEPUTADOS PROVINCIAIS (15-12-1936 / 28-09-1938)							
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial / Ente corporativo	Data de posesión	Data de cesamento	Notas
González Fernández-Besada*	Rafael	Presidente			24-07-1936	11-08-1937	
Puig Llamas*	Javier	Vicepresidente Presidente		Pontevedra	15-12-1936 18-08-1937	11-08-1937 10-08-1938	
Rey Daviña	Jacobo	Vogal Vicepresidente		Cámara de Comercio de Vilagarcía	15-12-1936 21-08-1937	18-08-1937 28-09-1938	
Fernández Torres	Antonio	Vogal		Cámara de Comercio de Pontevedra	15-12-1936	28-09-1938	
Núñez García	Ángel	Vogal		Cámara de Comercio de Vigo	15-12-1936	28-09-1938	
Baquero Pérez	Francisco	Vogal		Cámara de Comercio de Tui	15-12-1936	28-09-1938	
Lino Sánchez	José	Vogal		Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra	15-12-1936	28-09-1938	
Franco Montes	José	Vogal		Cámara da Propiedade Urbana de Vigo	15-12-1936	28-09-1938	
Durán Gómez	Estalísnao	Vogal		Vigo-Tui	15-12-1936	28-09-1938	Alcalde de Vigo
Cerecedo Lapatza**	Frutos	Vogal		Caldas de Reis-Cambados	15-12-1936	03-11-1937	Alcalde de Vilagarcía
Troncoso Penedo**	Mauricio	Vogal		Ponteareas-Cañiza, A	15-12-1936	15-09-1937	Alcalde de Ponteareas
Cunqueiro Montenegro	Francisco	Vogal		Redondela-Ponte Caldelas	15-12-1936	28-09-1938	Alcalde de Redondela
Gil Crespo*	Pedro	Vogal		Estrada, A-Lalín	15-12-1936	17-02-1937	Alcalde da Estrada

* O Deputado Provincial Pedro Gil Crespo renuncia a súa acta na sesión do 17 de febreiro de 1937, ficando a súa praza vancate. O Presidente da Corporación, Rafael González Fernández-Besada será substituído na sesión do 18 de agosto de 1937 polo, até aquel entón, vicepresidente Javier Puig Llamas aínda que non será ocupada a vacante de deputado. Ademais, desde febreiro dese ano Puig Llamas actuará de presidente accidental en bastantes sesións ben por indisposición, ben por ausencia do titular até a súa substitución oficial. A sesión do 28 de xullo de 1937 será presidida por Antonio Fernández Torres por ausencia do Presidente e Vicepresidente. Posteriormente, en sesión do 10 de agosto de 1938, o Presidente Javier Puig Llamas renunciará tanto a presidencia como a acta de Deputado, exercendo de Presidente accidental até a reconstitución da Comisión Xestora (07-10-1938) o vicepresidente Jacobo Rey Daviña.

** Os Deputados Provinciais Mauricio Troncoso Penedo e Frutos Cerecedo Lapatza asisten por última vez as sesións da Comisión Xestora o 15 de setembro e o 3 de novembro de 1937 respectivamente sen facerse mención á súa renuncia nas propias actas do organismo provincial.

COMISIÓN XESTORA DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (07-10-1938 / 29-11-1939)

Na sesión do 7 de outubro de 1938, baixo a presidencia do Gobernador Civil da Provincia Mateo Torres Bestard, terá lugar a constitución da nova Comisión Xestora da Deputación de Pontevedra. Esta terá unha composición moi diferente da anterior Comisión golpista xa que reduce á metade o número de membros (de trece a sete). A composición será a seguinte:

DEPUTADOS PROVINCIAIS (07-10-1938 / 29-11-1939)						
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial / Ente corporativo	Data de posesión	Data de cesamento
Rey Daviña*	Jacobo	Presidente		Caldas de Reis-Cambados	07-10-1938	19-07-1939
Toledo Freire*	Luís de	Vicepresidente Presidente	FET-JONS	FET-JONS	07-10-1938 09-08-1939	09-08-1939 29-11-1939
García Solís	César	Vogal		Cámara de Comercio de Pontevedra	07-10-1938	29-11-1939
Franco Montes*	José	Vogal		Vigo-Tui	07-10-1938	02-08-1939
Castro Valladares	Felipe	Vogal		Cañiza, A-Ponteareas	07-10-1938	29-11-1939
Espinosa Orrea	Alfredo	Vogal		Lalín-Estrada, A	07-10-1938	29-11-1939
Esteiro Alján	Juan	Vogal		Ponte Caldelas-Redondela	07-10-1938	29-11-1939

* A provisión do cargo de vicepresidente realizarase na sesión de 21 de outubro de 1938, recaendo en Luís Toledo Freire. Este exercerá interinamente o cargo de Presidente desde a sesión do 19 de xullo de 1939, ante a renuncia do titular Jacobo Rey Daviña, até o seu nomeamento definitivo na sesión extraordinaria do 9 de agosto de 1939. Pola súa parte, José Franco Montes falecerá entre o 26 de xullo e o 2 de agosto, data na que consta o seu pasamento na acta de sesión dese día.

COMISIÓN XESTORA DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (04-12-1939 / 22-01-1941)

A Comisión Xestora da Deputación Provincial será renovada na sesión extraordinaria do 4 de decembro de 1939 xa que “es básico en el Nuevo Estado que alumbró el Glorioso Movimiento Nacional, prestar atención preferente a la regularización de la Administración Pública, en sus diferentes aspectos, y como norma genérica la organización que la vida ciudadana impone en todas sus funciones y servicios dependientes del Estado y con toda austeridad ha de sentirse y practicarse”. Xa que logo, nesa data será constituída a nova Comisión ficando composta do modo a seguir:

DEPUTADOS PROVINCIAIS (04-12-1939 / 22-01-1941)						
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial / Ente corporativo	Data de posesión	Data de cesamento
Toledo Freire	Luís de	Presidente	FET-JONS	FET-JONS	04-12-1939	22-01-1941
Castro Valladares	Felipe	Vicepresidente		Cañiza, A-Ponteareas	04-12-1939	22-01-1941
García Solís	César	Vogal		Cámara de Comercio de Pontevedra	04-12-1939	22-01-1941
Fontoira Peón	Manuel	Vogal			04-12-1939	22-01-1941
Antrán Flórez	José Antonio	Vogal			04-12-1939	22-01-1941
Rodríguez de Dios*	Germán	Vogal			04-12-1939	13-12-1939
Virgós Pintos	Aureliano	Vogal			04-12-1939	22-01-1941

* Germán Rodríguez de Dios renunciará a acta de Deputado Provincial na sesión do 13 de decembro de 1939 sendo substituído por Eduardo Rodríguez Fontela.

MODIFICACIÓN DA COMISIÓN XESTORA							
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial / Ente corporativo	Data de posesión	Data de cesamento	Substitúe
Rodríguez Fontenla	Eduardo	Vogal			13-12-1939		Germán Rodríguez de Dios

COMISIÓN XESTORA DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (22-01-1941 / 22-04-1949)

Na sesión do 22 de xaneiro de 1941, e baixo a presidencia do Gobernador Civil da Provincia, será constituída unha nova Corporación Provincial mantendo a presidencia inalterada na persoa de Luís de Toledo Freire. Segundo consta na propia acta de constitución, os deputados provinciais entrantes pertencían ao partido fascista FET-JONS tal como indica o presidente da Corporación: "quero tamén felicitar-me por vuestroa designación, pues sé por anticipado que vuestroa condición de falangistas y por las dotes personales que poseéis, hemos de realizar una tarea tan precisa como exigen de nosotros la confianza con que se nos ha honrado y el servicio indeclinable de Dios, España y su Revolución Nacional Sindicalista."

DEPUTADOS PROVINCIAIS (22-01-1941)						
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial / Ente corporativo	Data de posesión	Data de cesamento
Toledo Freire*	Luís de	Presidente	FET-JONS	FET-JONS	22-01-1941	07-07-1942
Picó Cañeque*	Rafael	Vicepresidente Presidente	FET-JONS		22-01-1941 07-07-1942	10-09-1941 16-06-1948
Fontoira Peón	Manuel	Vogal Vicepresidente Presidente			22-01-1941 07-07-1942 16-06-1948	16-06-1948 22-04-1949
Anabitarte Romero	Carlos	Vogal	FET-JONS		22-01-1941	23-09-1946
González Babé*	Ramón	Vogal	FET-JONS		22-01-1941	22-04-1949
Peláez Merino	Casiano	Vogal	FET-JONS		22-01-1941	22-04-1949
Lorente Sanjurjo*	Fernando	Vogal	FET-JONS		22-01-1941	05-11-1941

* O Deputado Provincial Rafael Picó Cañeque asiste por última vez á xutanza da Comisión Xestora na sesión do 10 de setembro de 1941 a pesar de non constar a súa renuncia. Posteriormente será nomeado Presidente da Comisión Xestora a sesión do 7 de xullo de 1942, en substitución de Luís de Toledo Freire que renuncia á presidencia e a acta de deputado provincial nesa mesma sesión. Pola súa parte, Fernando Lorente Sanjurjo é nomeado Interventor de fondos na sesión do 5 de novembro de 1941, deixando de asistir as reunións en calidade de vogal da comisión xestora pero mantendo a súa presenza no desempeño do seu novo cargo como Interventor. Finalmente, o Deputado Provincial Carlos Anabitarte Romero asiste por última vez á reunión da Comisión Xestora na sesión do 23 de setembro de 1946 sen constar a súa renuncia no libro de actas.

MODIFICACIÓN DA COMISIÓN XESTORA							
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial / Ente corporativo	Data de posesión	Data de cesamento	Substitúe
Alcántara Fernández	José	Vogal			07-07-1942	22-04-1949	Luís de Toledo Freire
García Señoráns Ferreirós	José	Vogal			30-12-1942	22-04-1949	Fernando Lorente Sanjurjo

Xa que logo, a composición da Comisión Xestora do 22 de xaneiro de 1941 manterase practicamente inalterada até o 22 de abril de 1949, última sesión na que actúa este ente antes da constitución do Pleno emanada da nova lexislación da administración local (LEI DE 17 DE XULLO DE 1945 DE BASES DO RÉXIME LOCAL -publicada no BOE Nº 199, de 18 de xullo de 1945-) e dos comicios electorais corporativos celebrados o 20 de marzo de 1949. Así e todo, durante este longo período de oito anos haberá dúas incorporacións á Comisión Xestora en substitución das vacantes ocasionadas polas renuncias de Luís de Toledo Freire e Fernando Lorente Sajurjo. Ademais destas modificacións, a Comisión Xestora terá, a pesar de non reconstituírse durante oito anos, tres presidentes diferentes : Luís de Toledo Freire (22-01-1941 / 07-07-1942), Rafael Picó Cañeque (07-07-1942 / 16-06-1948) e Manuel Fontoira Peón (16-06-1948 / 22-04-1949). Este último, manterá temporalmente a presidencia da Corporación tras a substitución da Comisión Xestora polo Pleno provincial (24-04-1949 / 10-08-1951).